

PROXECTO

Proxecto de Decreto polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería que ostenta as competencias en materia de educación

A Constitución Española consagra o dereito á educación, correspondendo aos poderes públicos garantir o exercicio deste dereito en condicións de igualdade, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e promovendo as condicións para que esta igualdade sexa real e efectiva.

Neste sentido, as Administracións educativas deben proporcionar un servizo público que se caracterice por reducir os obstáculos que poidan dificultar o exercicio efectivo do dereito fundamental a recibir unha educación básica obrigatoria e gratuíta, recollido de forma preferente na nosa Constitución. Así, lles corresponde arbitrar as medidas oportunas para compensar as desigualdades de calquera índole que puideran presentarse á hora de exercitar ese dereito, co propósito de que, con independencia das situacións familiares, sociais ou económicas de partida, todos os alumnos teñan acceso á educación sen limitacións.

A tal efecto, a Lei 2/2006 Orgánica de Educación dedica o Título II á equidade na educación, e, dentro do capítulo II deste, dedicado ás compensación das desigualdades na educación, dispón no artigo 82.2, sobre igualdade de oportunidades no mundo rural, que, na educación básica, naquelas zonas rurais que se considere aconsellable, poderase escolarizar aos nenos nun concello próximo ao da súa residencia para garantir a calidade da ensinanza, en cuxo caso as Administracións Educativas prestarán o servizo de comedor escolar.

De acordo con isto, o comedor escolar ten a consideración de recurso educativo de carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación básica obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade.

A finalidade primeira perseguida desde sempre pola Consellería competente en materia de educación coa xestión do servizo de comedor escolar foi dar resposta á situación de desvantaxe social e económica de moitas familias, derivada do tradicional asentamento poboacional en núcleos aillados e diseminados, sendo concibido, polo tanto, como medio de salvar as dificultades de acceso ao ensino motivadas por dita dispersión xeográfica, razón pola que ata de agora concibíase unido ao servizo de transporte escolar.

Non obstante, o comedor escolar nestes momentos vai máis alá, xa que alcanza novas virtualidades, derivadas da súa condición de importante instrumento para a conciliación da vida laboral e familiar.

Efectivamente, a Consellería, consciente dos cambios socioeconómicos operados na sociedade galega que demandan medidas concretas en materia de conciliación da vida laboral e familiar, pretende por en marcha un plan en materia de comedores escolares que, co obxectivo de dar resposta á demanda social de prestación do servizo existente, de xeito gradual acade os seguintes obxectivos:

- Implicar na xestión do servizo, mediante as fórmulas de cooperación e colaboración previstas no marco xurídico actual, á totalidade de Administracións Públicas con competencias concorrentes neste eido, aos colectivos e asociacións afectados e, en definitiva, ás propias familias.

- Promover os cambios organizativos que sexan necesarios a fin de mellorar a prestación actual do servizo e ampliar a súa extensión a través de novos mecanismos de compensación económica que, con criterios de progresividade e solidariedade social, permitan incrementar o número de prazas de comedor existentes, así como posibiliten a xestión de novos comedores escolares.

Na actualidade a nosa Comunidade atópase entre as primeiras Comunidades Autónomas en número de usuarios de comedor escolar atendidos. Isto supón un extraordinario esforzo económico para a nosa Administración que, lonxe de decaer, debe manterse e mellorarse, como consecuencia da demanda maioritaria da sociedade galega neste sentido, para o cal é preciso arbitrar medidas que así o posibiliten.

A situación económica actual afecta gravemente tanto ás institucións públicas como ás familias e aos colectivos sociais, de xeito que resulta inaprazable revisar os principios de actuación de servizos públicos básicos para a nosa sociedade, como é o caso do comedor escolar, arbitrando medidas inaprazables que, con criterios básicos de solidariedade e

redistribución social, permitan a consolidación e ampliación do citado recurso educativo complementario.

Por outra parte, a experiencia acadada na xestión dos comedores escolares dende a entrada en vigor da anterior normativa de comedores escolares ata de agora, permite abordar mediante o presente Decreto modificacións conceptuais e cambios organizativos que redundarán sen dúbida nunha maior eficacia na organización e desenvolvemento do servizo.

Paga a pena destacar entre os cambios organizativos abordados a simplificación do procedemento de admisión no comedor escolar e, conseguintemente, a minoración das tarefas administrativas que, ao respecto, ata de agora se asignaban aos centros de ensino, así como a redución da documentación a presentar polos solicitantes de prazas de comedor. En efecto, as posibilidades que ofrecen as plataformas telemáticas actuais permiten a presentación de autodeclaracións de datos persoais e de renda, que serán comprobados pola Administración Educativa, tras as autorizacións das familias. Neste sentido, o recurso á plataforma tributaria estatal necesariamente esixe utilizar os datos de renda dispoñibles nela, que son os do exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano natural de presentación das solicitudes de prazas de comedor.

Co novo deseño do procedemento de admisión ao comedor escolar, .máis rápido e sinxelo que o actual, a Consellería competente en materia de educación unicamente comunicará aos solicitantes as eventualidades relacionadas coa inexactitude dos datos autodeclarados, que comportarán os pertinentes axustes nos pagamentos dos prezos públicos ou privados fixados.

Todos os razoamentos expostos impoñen actuar con firmeza na adopción das medidas de racionalización e eficacia na xestión que se contén neste Decreto, de xeito que resulte garantida a sostibilidade do sistema actual, á vez que se afonda na súa extensión social, xustiza distributiva e eficiencia económica.

A presente norma consta de cinco capítulos, dedicados, respectivamente, ás disposicións xerais referidas ao seu obxecto e ámbito de aplicación, modalidades de prestación do servizo e condicións xerais da contratación do servizo , ao acceso aos comedores escolares xestionados pola Consellería que ostente as competencias en materia de educación, á apertura, organización, administración e xestión económica dos comedores escolares, ao

régime económico-financiero dos comedores escolares xestionados pola Consellería que detente as competencias educativas, no que destacan as referencias ao financiamento e control do gasto dos comedores, aos beneficiarios das bonificacións dos prezos de comedor e os prezos públicos e privados, e, por último, ás garantías de calidade do servizo.

Por último, unicamente subliñar que a presente norma tramitouse de conformidade coas formalidades recollidas na Lei 16/2010, de Organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia, e, ademais da exposición a información pública, presentouse para coñecemento e avaliación de órganos sectoriais educativos, tales como a Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino Non Universitario, a Mesa Sectorial Docente Non Universitaria e o Consello Escolar de Galicia, e xerais, como o Comité Intercentros do Persoal Laboral da Xunta de Galicia..

En consecuencia, por proposta do Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34.5 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día ---de ---de dous mil trece,

DISPOÑO:

Capítulo I Disposicións xerais

Artigo 1 Obxecto e ámbito de aplicación

1. O presente Decreto ten por obxecto a regulación do funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil, dependentes da Consellería que ostente as competencias en materia de educación.
2. Enténdense como servizos de comedor os de xantar e os de atención aos usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior da comida do mediodía, nos que se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimenticios e habilidades persoais.
3. A consellería competente en materia de educación proverá, mediante a modalidade máis

conveniente en cada caso, a prestación do servizo de comedor escolar ao alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil.

Artigo 2 Modalidades de prestación do servizo de comedor escolar

1. O servizo de comedor escolar préstase mediante as seguintes modalidades:

a) Xestión directa da Consellería que ostente as competencias en materia de educación, consistente na elaboración por persoal laboral da Xunta de Galicia dos menús nas dependencias do centro escolar, onde serán consumidos exclusivamente por comensais de dito centro ou, no seu caso, por comensais pertencentes a centros próximos autorizados para o efecto. Igualmente considérase xestión directa da Consellería no suposto de que a comida elaborada nun centro polo persoal de cociña propio sexa consumido nas dependencias doutro, ao que sexa transportada mediante a contratación dunha empresa especializada.

b) Xestión indirecta da Consellería competente en materia de educación, mediante a contratación con empresarios individuais ou empresas de restauración da elaboración, nas dependencias do centro ou nas da empresa, dos menús, o seu transporte, no seu caso, así como o servizo ás mesas, a atención dos alumnos comensais e a limpeza do comedor e da cociña.

c) Xestión indirecta da Consellería que ostente as competencias en materia de educación a través da concesión do servizo.

d) Xestión do comedor escolar por Administracións Públicas distintas da Xunta de Galicia, responsables da contratación e xestión integral do servizo, mediante a subscripción, no seu caso, de convenios de colaboración para o efecto.

e) Xestión do comedor escolar por entidades privadas sen ánimo de lucro, responsables da contratación e xestión integral do servizo, autorizadas para o efecto pola Consellería competente en materia de educación, coas que esta, no seu caso, poderá establecer fórmulas de colaboración mutua.

2.Excepcionalmente, cando as circunstancias existentes imposibiliten o recurso ás modalidades sinaladas ou o número de comensais sexa reducido, a Consellería que detenta as competencias educativas poderá contratar menús con establecementos de restauración abertos ao público, así como outorgar axudas individualizadas de comedor.

3.Nos centros nos que, existindo ensinanzas de hostalería e/ou similares, que requiran a realización de prácticas de cociña, poida funcionar á vez un comedor escolar, a Consellería competente en materia de educación acordará o establecemento dunha xestión directa,

singular tanto no económico como no funcional, que permita compatibilizar e rendibilizar ao máximo o desenvolvemento da docencia práctica das citadas ensinanzas cunha axeitada prestación do servizo de comedor.

Nestes supostos, a Consellería que detente as competencias educativas, de xeito excepcional, poderá autorizar, a instancia das Asociacións de Nais e Pais de Alumnos, a utilización dos comedores existentes nos centros de ensinanzas referidos por parte de alumnos escolarizados en centros de ensino público próximos.

Artigo 3 Condicións xerais da contratación do servizo de comedor escolar

1. Cando o servizo de comedor escolar sexa xestionado pola Consellería competente en materia de educación mediante a modalidade descrita no artigo 2.1. b) do presente Decreto, as contratacións requiridas cos empresarios individuais ou empresas de restauración e, no seu caso, coas empresas de transporte de alimentos realizaraas a dita Consellería.

2. A contratación da xestión do servizo de comedor escolar mediante a figura da concesión, sinalada no artigo 2.1. c) deste Decreto efectuaráa tamén a citada Consellería, non podendo ter as concesións outorgadas unha duración superior, incluídas as prórrogas, a 10 anos.

3. A contratación do servizo nos comedores escolares xestionados pola Consellería que detente as competencias en materia de educación rexeráse polo disposto na lexislación xeral de contratación pública e demais normativa de aplicación, así como polos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que ao efecto se aproben.

Os empresarios individuais e as empresas de restauración seleccionadas deberán cumprir a normativa hixiénico-sanitaria para industrias dedicadas á elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas contida na normativa vixente aplicable na materia.

Así mesmo, cando as comidas se elaboren fóra das instalacións do centro, as empresas adjudicatarias do servizo disporán do preceptivo número de rexistro xeral sanitario expedido pola autoridade sanitaria que corresponda en cada caso.

4. Cando o servizo de comedor escolar sexa xestionado por outras Administracións Públicas ou entidades privadas sen ánimo de lucro mediante as modalidades descritas no artigo 2.1. d) e e) deste Decreto as contratacións cos empresarios ou empresas de restauración e, no seu caso, coas empresas de transporte de alimentos realizaranas ditas Administracións públicas e

entidades privadas sen ánimo de lucro.

Nestes casos, os empresarios individuais e as empresas de restauración seleccionadas deberán cumprir a normativa hixiénico-sanitaria para industrias dedicadas á elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas contida na normativa en vigor que resulte de aplicación.

Así mesmo, cando as comidas se elaboren fóra das instalacións do centro, os adxudicatarios do servizo disporán do preceptivo número de rexistro xeral sanitario de alimentos expedido pola autoridade sanitaria que corresponda en cada caso.

Estas Administracións Públicas e entidades privadas sen ánimo de lucro xestionadoras dos comedores escolares mediante as modalidades do artigo 2.1.d) e e) do Decreto presente, organizarán e prestarán de xeito exclusivo as labores de atención e coidado dos alumnos nos comedores, ben mediante os seus propios medios persoais ou recorrendo á contratación con empresarios e empresas especializadas.

Ditas Administracións Públicas e entidades privadas sen ánimo de lucro xestionadoras dos comedores escolares, deberán contratar pólizas de seguros vinculadas directamente á prestación do servizo de comedor escolar.

Capítulo II Acceso aos comedores escolares xestionados pola Consellería que ostente as competencias en materia de educación:

Artigo 4. Usuarios do servizo de comedor

1. Poden ser usuarios do servizo nos comedores xestionados pola Consellería que ostente as competencias en materia de educación:

- a) Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil dos centros con instalacións de comedor e os dos centros próximos que carezan delas, autorizados expresamente.
- b) As persoas con responsabilidades na organización do comedor, así como as que colaboren na atención efectiva dos alumnos comensais.
- c) O persoal de cocina destinado nos centros que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil, durante os días de desempeño efectivo

do seu traballo

d) Os coidadores de educación especial dos centros que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil, así como os coidadores, educadores e auxiliares de enfermería destinados en centros de educación especial, en ambos casos durante o tempo de desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar.

e) O persoal funcionario docente e non docente e o persoal laboral de ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil do centro que solicite o servizo, sempre que existan prazas libres dotadas economicamente e se dispoña de persoal colaborador suficiente para a atención ao alumnado usuario.

f) Os auxiliares de conversa e os alumnos en prácticas de ensinanzas de maxisterio ou grado equivalente que soliciten o servizo, sempre que, unha vez asignadas as prazas do comedor aos colectivos anteriormente citados, existan aínda prazas libres dotadas economicamente e se dispoña de persoal colaborador suficiente para a atención ao alumnado usuario.

A estes efectos, considérase que existen prazas libres dotadas economicamente no comedor escolar cando a capacidade física das instalacións, así como a dispoñibilidade de medios persoais dedicados ao servizo e os recursos económicos necesarios para o seu sostemento, así o permitan.

2. A selección e admisión de usuarios do servizo de comedor correspóndelle ao consello escolar de cada centro de acordo co procedemento que se determine na normativa de desenvolvemento deste Decreto.

Capítulo III Apertura, organización, administración e xestión económica dos comedores escolares

Artigo 5 Autorización de apertura e funcionamento de comedores escolares en centros públicos de ensino

1. A Consellería que ostente competencias en materia de educación poderá autorizar a apertura e funcionamento do servizo de comedor escolar nos centros públicos citados no artigo 1º.1 deste Decreto, sempre que contén coas instalacións e medios axeitados para a prestación do servizo, así como coas autorizacións e informes preceptivos para o efecto.

2. O procedemento a seguir para a apertura e funcionamento dos comedores escolares

regularase na normativa a ditar en desenvolvemento do presente Decreto.

Artigo 6 Categorías de comedores escolares

Independentemente da modalidade de xestión elixida, os comedores escolares clasifícanse nas seguintes seis categorías, determinadas polo número de comensais usuarios dos mesmos:

- Comedor tipo A: Ata 75 comensais
- Comedor tipo B: De 76 a 150 comensais
- Comedor tipo C: De 151 a 250 comensais
- Comedor tipo D: De 251 a 350 comensais
- Comedor tipo E: De 351 a 500 comensais
- Comedor tipo F: Máis de 500 comensais

Artigo 7 Organización, administración e xestión económica dos comedores escolares xestionados pola Consellería que ostente as competencias en materia de educación

Corresponde ás comunidades educativas dos centros, representadas polos respectivos consellos escolares, a organización, administración e xestión económica dos comedores escolares xestionados pola Consellería competente en materia de educación. Os consellos escolares, baixo a supervisión da Consellería, exercerán as funcións que se establecen neste Decreto e nas súas normas de desenvolvemento.

Artigo 8. Protocolo de funcionamento e programación anual dos comedores escolares

1.Os equipos directivos de cada centro que preste o servizo de comedor elaborarán, de conformidade cos requirimentos esixidos pola normativa aplicable e, no seu caso, coas instrucións emanadas da Consellería que detente as competencias educativas, un protocolo propio de funcionamento, que terá que ser aprobado polo respectivo consello escolar.

2.Así mesmo, os centros docentes públicos que contén con comedor escolar disporán cada curso escolar dun programa de prestación do servizo de comedor aprobado polo consello escolar, que se integrará na programación xeral do centro prevista para cada curso .

Artigo 9 Persoas con responsabilidades na organización do comedor escolar, persoal de cociña e persoas que colaboran na atención aos alumnos comensais nos comedores

xestionados pola Consellería competente en materia de educación

1. Os cometidos dos directores e encargados de comedor, así como das persoas que colaboran na atención aos alumnos comensais, e a fixación do número destes últimos determinaranse na normativa de desenvolvemento deste Decreto.

O persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia destinado nos centros que asuma responsabilidades na organización dos comedores escolares e na atención ao alumnado usuario do comedor terá dereito a unha compensación económica, que será abonada en función dos días da súa asistencia efectiva ao comedor.

2. O persoal laboral de cociña nos comedores escolares xestionados directamente pola Consellería que ostente as competencias en materia de educación estará integrado por oficiais de 2ª de cociña e axudantes de cociña; e as súas funcións e o seu número, en función da categoría do comedor, determinaranse na normativa de desenvolvemento deste Decreto,.

3. Ocasionalmente, os pais, nais, titores legais e acolledores familiares de alumnos matriculados en centros que posúan servizo de comedor escolar ou en centros limítrofes autorizados a comer naqueles poderán, de xeito voluntario e altruísta, ao marxe de relación laboral de ningún tipo, colaborar alternativamente nas labores de atención aos alumnos comensais, polo cal poderán percibir por cada día de asistencia efectiva ao comedor compensacións económicas que palién os gastos de dedicación e desprazamentos ocasionados.

4. Cando as circunstancias de feito existentes nos centros que presten servizo de comedor escolar o determinen poderase recorrer á contratación dos cometidos de atención do alumnado comensal con empresas de servizos.

Capítulo IV Rexime económico-financeiro dos comedores escolares xestionados pola Consellería que detente as competencias educativas

Artigo 10 Financiamento e control do gasto nos comedores escolares

1. Os comedores escolares xestionados pola Consellería con competencias en educación financiaranse cos seguintes ingresos:

a) Achegas da Consellería para cubrir o custo do servizo.

Cando o servizo de comedor sexa xestionado mediante a modalidade prevista no artigo 2º,1

a) deste Decreto, a Consellería, ademais do abono dos gastos xerais de persoal e

funcionamento das instalacións, librará como bolsas de comedor cantidades a recibir polos centros de ensino para aprovisionamentos.

Cando o servizo de comedor sexa prestado polas modalidades previstas no artigo 2.1.b) e c) do presente Decreto, a Consellería fará os correspondentes abonos directamente ás empresas contratistas ou concesionarias do servizo.

b) Achegas dos usuarios do servizo aos que non lles corresponda a bonificación completa de comedor, en concepto de prezos públicos ou privados, segundo se trate de comedores das modalidades do artigo 2º.1 a) ou 2º.1 b) e c) deste Decreto.

c) Achegas en forma de axuda ou doazón recibidas doutros organismos públicos ou privados, concedidas de acordo co disposto na normativa vixente na materia.

2. A Consellería que ostente as competencias en materia de educación, en atención ás dispoñibilidades orzamentarias existentes, poderá actualizar ao comezo de cada curso escolar o importe das bolsas libradas para cofinanciar o servizo de comedor na modalidade prevista no artigo 2º.1 a) do presente Decreto, así como o importe das achegas dos usuarios sen dereito a gratuidade ou bonificación do servizo pola utilización diaria dos comedores xestionados mediante as modalidades descritas no artigo 2º.1 b) e c) do presente Decreto.

3. A xestión económica do comedor escolar, ademais de constar nos rexistros da actividade económica que están establecidos con carácter xeral para todos os centros docentes públicos de Galicia, constará nunha conta específica para tal fin. Así mesmo, levarase un rexistro de ingresos e un rexistro de gastos do servizo de comedor, a xustificación dos cales será presentada cada trimestre e cada curso escolar, xunto coas facturas e demais documentos acreditativos dos ingresos percibidos e dos gastos realizados, polo director do centro ao Servizo Territorial correspondente, unha vez aprobada polo consello escolar.

4. Dende a específica conta de comedor xestionarase de xeito exclusivo a totalidade de ingresos e gastos relacionados co comedor escolar, non podendo mixturarse as sumas relacionadas co este servizo cos demais gastos de funcionamento do centro.

Os ingresos percibidos polo centro en concepto de comedor escolar non poderán dedicarse a fins distintos ao mesmo.

5. No rexistro de gastos do servizo de comedor escolar sinalado incluíranse as adquisicións de mobiliario e utensilios inventariables precisos para o funcionamento do servizo, ata un máximo do 15% dos ingresos do comedor recibidos cada curso escolar da Consellería que ostenta as competencias en materia de educación.

6. Os consellos escolares dos centros poderán utilizar o 20% dos remanentes existentes no

segundo trimestre de cada curso escolar na conta de comedor, para mellorar as instalacións dos comedores escolares como gastos menores.

Artigo 11. Usuarios gratuítos dos comedores escolares xestionados pola Consellería con competencias en materia de educación

Serán usuarios gratuítos dos comedores escolares :

-Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.

-Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.

-Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 €.

-O persoal de cociña durante os días de desempeño efectivo do seu traballo

-Os coidadores, educadores e auxiliares de enfermería que, durante o xantar e os períodos de tempo anterior e posterior ao mesmo, atendan aos alumnos de educación especial, no tempo de desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar.

-O persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia destinado nos centros de ensino con responsabilidades na organización dos comedores escolares ou no coidado dos alumnos comensais, durante os días de asistencia efectiva ao comedor.

-Os pais, nais, titores legais e acolledores familiares de alumnos matriculados en ensinanza básica e segundo ciclo de educación infantil que colaboren na atención dos alumnos comensais durante os días en que se desenvolva a súa colaboración efectiva.

Artigo 12. Beneficiarios/as de bonificacións nos comedores xestionados pola Consellería competente no eido educativo

1. O uso do comedor escolar nos supostos non descritos non artigo precedente dará lugar ao abono total ou parcial deste servizo nos termos que se establecen na presente norma.

2. Co obxecto de facilitar ao alumnado con dereito o acceso a este servizo, a Consellería asumirá, total ou parcialmente, o custo do mesmo nos seguintes supostos:

2.1. Serán beneficiarios de bonificación para comedor, agás na contía de 1 € a abonar por día

de servizo, os alumnos cuxa renda familiar neta anual per cápita se atope nas seguintes condicións:

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con tres ou máis menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €

2.2. Serán beneficiarios da bonificación para comedor, agás na contía de 2,50 € a abonar por día de servizo, os alumnos cuxa renda familiar neta anual per cápita se atope nas seguintes condicións:

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €

3. O Consello Escolar de cada centro docente dará a máxima información ás familias sobre o servizo de comedor escolar prestado no centro, para que poidan beneficiarse, no seu caso, das bonificacións, de acordo co disposto neste Decreto e na normativa que o desenvolva..

Artigo 13 Suxeitos obrigados e contía dos prezos públicos e privados dos comedores escolares xestionados pola Consellería competente en materia de educación

1. Estarán obrigadas ao pagamento de prezos públicos e privados pola prestación do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos sinalados no artigo 1 deste Decreto as seguintes persoas usuarias:

- a) Os pais, nais, titores legais e membros de familias acolledoras, en nome e por conta do alumnado usuario, agás que teñan dereito á gratuidade total do servizo de comedor.
- b) As restantes persoas usuarias do comedor escolar segundo o sinalado no presente Decreto, agás que teñan dereito á gratuidade total do servizo de comedor.

2. O uso do servizo dará lugar ao aboamento dos seguintes prezos públicos e privados por parte dos suxeitos obrigados:

- a).1 € por día de uso do servizo para os alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nas condicións sinaladas no artigo 12.2.1 deste Decreto.

b) 2,50 € por día de servizo de comedor para aqueles alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nos supostos recollidos no artigo 12.2.2 deste decreto.

c) 4,50 € por día de servizo de comedor para aqueles alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nos seguintes parámetros:

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

d) 4,50 € por día de utilización do servizo de comedor para o persoal docente ou non docente destinado no centro escolar, auxiliares de conversa e alumnos en prácticas de ensinanzas de maxisterio ou grado equivalente, que sen ter responsabilidades na organización dos comedores escolares nin no coidado dos alumnos comensais, faga uso do comedor escolar.

3 A estrutura das rendas familiares anuais netas, así como o importe dos prezos públicos e dos prezos privados modificaranse, no seu caso, de acordo co disposto nas leis de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia.

As variacións descritas aplicaranse no curso escolar seguinte a aquel no que se aprobe a lei orzamentaria.

Artigo 14. Procedemento de autoliquidación dos prezos públicos e privados dos comedores escolares xestionados pola Consellería competente en materia de educación

1. Os adultos que exerzan a patria potestade, a tutela ou o acollemento familiar de alumnos de ensinanza básica e segundo ciclo de educación infantil de centros de ensino público que contén con servizo de comedor escolar de xestión directa, indirecta ou concesión poderán solicitar praza no seu nome, autodeclarando as circunstancias de carácter persoal e de renda neta per cápita familiar correspondente ao exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano natural no que se presenta a solicitude.

Nestes casos, e para os únicos efectos de acceder ao servizo de comedor, a totalidade de membros que perciban ingresos na unidade familiar á que pertencen os usuarios solicitantes do servizo de comedor autorizarán expresamente á Consellería competente en materia de educación a consultar durante todo o curso escolar os datos de carácter persoal, de residencia e de renda que se precisen, os cales lle serán subministrados pola Plataforma de

Intermediación de Datos e pola Axencia Estatal de Administración Tributaria da Administración Xeral do Estado.

No caso de non autorizar á Administración Educativa para a comprobación telemática dos datos sinalados na autodeclaración, os solicitantes deberán acreditarlos ante o Consello Escolar mediante a presentación de documento acreditativo da declaración do IRPF ou da certificación da Axencia Tributaria de ingresos da persoa que non presentase a declaración do IRPF, correspondentes en ambos os dous casos á renda neta per cápita familiar do exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano natural de presentación da solicitude.

2 A Consellería competente en materia de educación, de conformidade co procedemento e consecuencias previstas na normativa tributaria aplicable, xirará liquidacións aos obrigados ao pagamento de prezos públicos, de seren erróneos os datos de renda autodeclarados. De xeito similar, comunicará aos solicitantes aos que corresponda o pagamento de prezos privados as correccións dos importes a abonar, derivadas da constatación de erros nos seus datos de renda autodeclarados.

A fin de poder levar a cabo as actuacións descritas, a Administración Educativa poderá ao longo do curso escolar facer as comprobacións de renda que resulten necesarias.

Estas comprobacións suporán, ademais da fixación de novos importes nos prezos públicos e privados en adiante, a execución de actuacións de compensacións ou reclamacións de débedas.

Así mesmo, a Administración Educativa poderá durante o curso escolar axustar os importes dos prezos públicos e privados fixados de acordo coas novas situacións das rendas familiares netas per cápita derivadas da diminución de ingresos como consecuencia da acreditación de situacións de paro de calquera membro da unidade familiar.

Artigo 15. Pagamento dos prezos públicos e privados dos comedores escolares xestionados pola Consellería competente en materia de educación

1. O pagamento mensual dos prezos públicos e privados pola utilización do comedor escolar producirase entre o 1 e o 20 do mes seguinte ao da prestación do servizo. O importe que os usuarios deberán aboar resultará de multiplicar os prezos correspondentes polo número efectivo de días de uso do comedor cada mes. Os usuarios deberán comunicarlle aos centros de ensino os días que non vaian facer uso do comedor cunha antelación mínima dun día.

2. Entenderanse notificadas as liquidacións dos prezos públicos coa posta a disposición aos obrigados tributarios dos impresos de pagamento nos que constarán os elementos esenciais

das cantidades a abonar.

O pagamento dos prezos públicos poderase efectuar nas entidades de depósito autorizadas para actuar na xestión recadatoria de taxas e prezos pola Consellería competente en materia de facenda, mediante os correspondentes impresos de pagamento. Así mesmo, poderanse realizar pagamentos de xeito telemático a través da oficina virtual tributaria que corresponda.

3. Os importes mensuais en concepto de prezos privados que correspondan en cada caso satisfaranse directamente ás empresas prestadoras do servizo.

4. Ao longo do curso escolar os impagos dos prezos públicos e privados correspondentes a cada mes impedirán a utilización nos meses seguintes do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos.

Artigo 16. Concepto de unidade familiar e renda familiar anual neta per cápita

1. Para os efectos deste Decreto o concepto de unidade familiar é o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas.

2. Para os efectos do acceso á gratuidade e ás bonificacións do comedor escolar, así como para a fixación das cantidades a abonar en concepto de prezos públicos e privados do comedor escolar, a renda familiar anual neta per cápita obterase por agregación das rendas, correspondentes ao exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano natural no que dea comezo o curso escolar, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas do xeito seguinte:

Primeiro- Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluíndose os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais correspondentes aos exercicios anteriores.

Segundo- Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Terceiro- Para a determinación da renda dos membros computables que obteñan ingresos propios e non tiveran obriga de presentar declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas, seguirase o procedemento descrito no punto primeiro anterior e do resultado obtido restaranse os pagamentos a conta efectuados.

Cuarto- Finalmente o importe obtido dividirase entre o número de membros que compoñen a unidade familiar.

Capítulo V Garantías de calidade do servizo

Artigo 17. Elaboración dos menús

1.A elaboración dos menús farase de xeito que proporcione ao alumnado unha dieta equilibrada adaptada ás necesidades nutricionais de cada grupo de idade, contribuíndo ao seu mellor desenvolvemento físico, favorecendo, á vez, a adquisición de hábitos alimenticios saudables.

2.O menú será único para todos os usuarios do comedor escolar, agás nos casos de alumnos que padezan calquera tipo de intolerancia ou alerxia alimenticia, xustificada mediante certificado médico . Nestes casos, o consello escolar de cada centro, autorizará se sirvan menús adaptados ás súas necesidades, ou, no seu caso, se lles faciliten os medios necesarios para a conservación e consumo de menús proporcionados polas familias.

3. A Consellería que ostente competencias no eido educativo divulgará e fomentará a utilización no comedor escolar de protocolos ou guías, avaliadas por expertos nutricionistas, nas que se recollerán relacións de menús axeitados ás necesidades nutricionais dos escolares segundo os grupos de idades, nas distintas estacións do ano, así como regras de alternancia de alimentos e aportes calóricos dos mesmos.

Así mesmo, propiciará accións formativas en nutrición, dietética e tratamento dos alimentos, dirixidas ao persoal dos centros con comedores escolares xestionados pola Consellería con responsabilidades de distinta orde na confección e elaboración de menús saudables.

Artigo 18. Normativa e medidas en materia de seguridade e hixiene nos comedores

En todos os comedores escolares existentes nos centros docentes públicos descritos no artigo 1 deste Decreto, con independencia da súa modalidade de xestión, deberán cumprirse os requisitos de control de calidade esixidos pola normativa vixente en materia de hixiene na produción e comercialización dos produtos alimenticios, e na elaboración, distribución e comercio das comidas preparadas. Así mesmo, os comedores escolares deberán someterse aos sistemas de control externo e programas de autocontrol que establezan os procesos de homologación correspondentes.

Disposición adicional primeira. Acceso ao comedor escolar por alumnos escolarizados en centros distintos aos que lles corresponde segundo a distribución das áreas de influencia

1.O alumnado escolarizado en centro distinto ao que lle corresponde segundo a distribución das áreas de influencia establecidas polos titulares das Xefaturas Territoriais da Consellería, como consecuencia de decisións de índole familiar ou persoal, non terá dereito ao comedor escolar.

Porén, terán dereito ao servizo as irmás e irmáns do alumnado xa escolarizado con carácter forzoso no centro.

2.Excepcionalmente, sempre que existan no comedor escolar prazas libres dotadas economicamente e as condicións existentes de instalacións, persoal de cociña e colaboradores na atención dos alumnos comensais o permitan, a Consellería competente no eido educativo poderá autorizar para cada curso escolar a incorporación de alumnos escolarizados fora de área, quen, con independencia das súas circunstancias persoais e de renda familiar, terán que abonar, en concepto de prezo público ou privado, a cantidade de 4,50 € por día de servizo.

Disposición adicional segunda. Domiciliación do pagamento dos prezos públicos dos comedores escolares xestionados pola Consellería competente en materia educativa baixo a modalidade prevista no artigo 2.1 a) deste Decreto.

Os solicitantes de prazas de comedor escolar poderán solicitar expresamente a domiciliación nas súas contas bancarias dos pagamentos dos prezos públicos, a partires da comunicación efectuada pola Consellería competente no eido educativo, confirmando a implantación do sistema que o posibilite.. Neste suposto, unha vez notificadas as liquidacións aos obrigados tributarios mediante os correspondentes impresos de pagamento, as cantidades de que se trate seranlles cargadas nas súas contas bancarias o último día do prazo establecido no artigo 15.1 deste Decreto.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas todas as disposicións normativas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto no presente Decreto.

Disposición derradeira.

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.